

## ACTA Nº 4/2006 DA COMISIÓN DE PERSOAL

### ASISTENTES:

**Vicepresidente en funcións de Presidente:** D. José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

### Pola Administración:

Presidencia: D<sup>a</sup> Cristina Rubal González e D<sup>a</sup> Eva Sanín Mariño

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: D. Antonio Losada Trabada

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: D<sup>a</sup> Beatriz Rodríguez Fraga e D. José Manuel Maceira Caldelas.

Consellería de Economía e Facenda: D. Ulpiano Villanueva Rodríguez, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Rodríguez Amaya e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Blanco Aller

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Camino Triguero Salas

Consellería de Innovación e Industria: D<sup>a</sup> Lourdes Courtier Ramos

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: D. José Luis Canosa Baldomir

Consellería de Cultura e Deporte: D. Miguel Ares Casal

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: D<sup>a</sup> Marta Ramos Lage

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lourdes Batán Aira

Consellería de Traballo: D. Víctor Tubío Villar

### Polas organizacións sindicais:

CIG: D. Manuel Gallardo Canitrot

CCOO: D. Pedro Méndez Gil

UGT: D<sup>a</sup> Rosario Valledor Puente, D<sup>a</sup> Marina Barril González e D. Antonio Pais Andrade

CSI-CSIF: D. Alvaro Fernández Baamonde e D<sup>a</sup> Carmen Noya Castro

**Secretario:** D. Carlos Carid Fernández

En Santiago de Compostela, sendo as 12:30 horas do día 31 de marzo de 2006, réunese, en sesión extraordinaria, na salón de actos nº 1 (grande) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

**Punto único Orde do \_\_\_ de abril de 2006, pola que se modifica a Orde do 17 de decembro de 2004, pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración Xeral da Xunta de Galicia.**

Aberta a reunión polo Presidente pasouse ao estudo do único punto da orde do día: “ Orde \_de abril de 2006, pola que se modifica a Orde do 17 de decembro de 2004, pola que se convoca o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración Xeral da Xunta de Galicia”.

\* O Presidente informa que, se ben no parágrafo quinto do preámbulo do borrador da Orde obxecto deste punto da orde do día consta que, por resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 24 de marzo de 2006, se realiza a adscrición do funcionario afectado, con carácter definitivo, ao posto do que era titular, tal afirmación é errónea por razón de que a resolución non existe, xa que non está asinada. A Dirección Xeral ten estudada a documentación que obra no expediente e formado un parecer ao respecto; pero aínda non se adoptou a resolución definitiva.

\* Toma a palabra a representante da Secretaría Xeral da Presidencia, e solicita que se retire o proxecto da orde do día e na resolución se teña en conta o parecer do centro directivo ao que está adscrito o posto; secretaria que considera que o posto a que se refire a Orde é de nova creación, sen relación algunha co posto que ocupaba o funcionario con carácter definitivo.

\* O Presidente manifesta que, atendendo á doutrina do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pode resultar conveniente estudar o expediente tendo en conta a opinión da Secretaría Xeral, quen deberá emitir un informe, a maior brevidade, por razón de que se está retrasando a resolución do concurso 3/2004. De ser o caso, solicitarase un informe á Asesoría Xurídica Xeral.

\* O representante da organización sindical CIG, manifesta que non ten inconveniente en que se recabe máis información e se adopte unha resolución correcta e axeitada.

\* O representante da organización sindical CCOO, manifesta o seu desacordo co aprazamento por razón de que, como se falou na reunión mantida coa Dirección Xeral da Función Pública, trátase do mesmo posto.

\* A representante da organización sindical UGT, manifesta que debían estar presentes os/as secretarios/as xerais das consellerías e que a modificación da orde debeu incluírse na xa realizada e vista na anterior sesión. Non ten inconveniente en que se aprace o estudo da modificación.

\* O representante da organización sindical CSI-CSIF manifesta que non ten inconveniente para o aprazamento.

\* O Presidente manifesta que, á maior brevidade, se emitirán os informes precisos e que se convocará unha reunión da Comisión para o próximo día 7 de abril.

Acórdase aprazar o estudo da Orde de modificación da convocatoria do concurso, co voto en contra da organización sindical CC.OO..

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 13:15 horas do día anteriormente sinalado.

Vº e prace,

Dou fe

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCIÓNS  
DE PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**

José Rodríguez González

Carlos Carid Fernández